



BANDO

D. MANUEL ANTELO PAZOS, ALCALDE DO CONCELLO
DE VIMIANZO

FAI SABER:

Que, co ánimo de apoiar á economía rural e ás familias numerosas, o Concello de Vimianzo ten aprobadas varias bonificacións do Imposto de Bens Inmobilés (a chamada Contribución). Isto vai significar unha importante baixa nos recibos a pagar polos contribuíntes afectados. A saber:

- A) Bonificación do 40% da cota íntegra do imposto para os bens de natureza urbana a favor daqueles suxeitos que ostenten o título de familia numerosa.
- B) Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario que sexan declaradas de especial interese.

Para beneficiarse destas bonificacións as persoas interesadas deben solicitalo todos os anos. Para obter a bonificación para o exercicio 2016 hai que solicitalo antes do 31 de decembro.

Poden consultar a documentación que é preciso presentar e os demáis requisitos nas oficinas municipais.

O que se fai público para coñecemento de todas as persoas interesadas.

Vimianzo, 15 de outubro de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos